

FERNAN FERNANDEZ COGOMINHO NA CANTIGA B1560 DE AFONSO MENDEZ DE BESTEIROS*

Déborah GONZÁLEZ MARTÍNEZ
Universidade de Santiago de Compostela

Influenciada polas cortes francesas non só no tocante á gober nación, a corte de Afonso III foi tamén un centro cultural de certa relevancia, onde se favoreceu o cultivo da actividade trobadoresca¹. Neste medio é posible encontrar un significativo grupo de poetas que, simultaneamente, eran nobres estreitamente ligados á corte polas súas funcións político-administrativas; este foi o caso de célebres trobadores como Afonso Lopez de Baian, Joan Perez de Aboin, Joan Soarez Coelho e Men Rodriguez de Briteiros. Pero a cultura trobadoresca non só se nutriu da faceta poética dos nobres que se localizaron de forma máis ou menos continua na corte afonsina, senón que hai que contar coa presenza doutros axentes dinamizadores, como eran os xogares e as soldadeiras, e a permanencia menos demorada doutros autores; neste grupo poderíamos incluír os nomes de «Afonso Mendes de Besteiros e Lourenço, que, a dar crédito a algumas composições, poderão igualmente ter passado pela corte portuguesa»².

Efectivamente, a análise de certas cantigas de temática satírica pode ser a que nos poña sobre a pista de certos vínculos entre os autores e un ámbito cortesán determinado. Exemplo disto é a produción satírica, consistente en tres cantigas de escarnio (B1558-B1560)³, que se conserva baixo a atribución do trobador Afonso Mendez de Besteiros⁴,

* Este traballo elaborouse no marco do proxecto *El sirventés literario en la lírica románica medieval* (FFI2008-05481) que se desenvolve baixo a dirección da Dra. Mercedes Brea na Universidade de Santiago de Compostela, contando coa subvención do MICINN (2008-2011) e con fondos FEDER.

¹ Para máis información sobre o movemento trobadoresco localizado na corte de Afonso III, *vid.* A. Resende de Oliveira, «Distracções e cultura», in L. Ventura, *D. Afonso III*, [Lisboa] Círculo de Leitores e Centro de Estudos dos Povos e Culturas de Expressão Portuguesa, Temas e debates, 2009, pp. 270-317.

² Cfr. A. Resende de Oliveira, «Distracções e cultura» *cit.*, p. 275.

³ As súas cantigas de escarnio só se reproducen no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* (B), xa que existe unha falta de correspondencia entre os dous apógrafos italianos na parte en que se transmiten as cantigas de escarnio de Afonso Mendez de Besteiros; o correlato entre o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* e o *Cancioneiro da Vaticana* (V) pérdese a partir de B1500 = V1110 (un texto atribuído a Joan Garcia de Guilhade), presentándose 78 textos en B que non están en V; a correspondencia retómase a partir de B1579 = V1111 (a primeira cantiga da serie atribuída a Afons'Eanes do Coton).

⁴ En B atribúenselle catorce textos, que se localizan repartidos entre o sector das *cantigas de amor* (B375-B382, ff. 85r-86r), o das *cantigas de amigo* (B729-731, ff. 158v-159r; a última

anteriormente referido. Como veremos no apartado seguinte, as cantigas B1558 (*Don Foão, que eu sei que á preço de livão*) e B1559 (*Ja lhi nunca pedirán*) clasifícanse na sátira política e teñen servido de apoio na presentación de hipóteses biográficas sobre o autor⁵, xa que os textos parecen denunciar distintos feitos políticos que relacionarían a Afonso Mendez de Besteiros, en dous momentos diferentes, coa corte portuguesa de Sancho II e coa corte castelá de Alfonso X. A terceira cantiga, B1560 (*O arraiz de Roi Garcia*), habitualmente ficou fóra de comentario nos estudos dedicados á vida do trovador⁶, aínda que este escarnio se caracteriza pola mención a persoas e topónimos portugueses que, como analizaremos máis adiante, parecen remitir á corte portuguesa de Afonso III. Así, veremos que esta composición podería tormarse como proba dos vínculos entre o autor e o contexto a que remite a sátira.

Entre as referencias que se inclúen n'*O arraiz de Roi Garcia* de Afonso Mendez de Besteiros, interésanos aquí especialmente a mención a un *Cogominho*, que identificamos co cortesán Fernan Fernandez Cogominho (I), en tanto que esta referencia debe verse en relación á presenza nos cancioneiros dun Fernan Fernandez Cogominho, trovador.

cantiga desta serie é do xénero de *amor* e, polo tanto, encóntrase fóra da sección xenérica correspondente) e o das *cantigas de escarnio* (B1558-B1560, ff. 325r-325v). En *V* transmitense as tres mesmas composicións reproducidas en *B* no sector de *amigo* (V330-V332, ff. 53v-54r). Na *Tavola Colocciana* rexístranse unicamente dúas mencións ao trovador: na primeira ocorrencia, o seu nome acompáñase do número 375 e compróbase que *C* mantén correspondencia con *B* nesta parte da lista de *Autori Portughesi*. Na segunda documentación de Afonso Mendez de Besteiros en *C*, aparece co número 729 e atribúenselle tres textos, coincidindo plenamente con *B*. En contra do esperable, non se rexistra o seu nome na parte de *C* asociable ao sector das *cantigas de escarnio* de *B*, omisión que xa foi advertida por E. Gonçalves. *Vid.* E. Gonçalves, «La Tavola Colocciana. *Autori Portughesi*», *Arquivos do Centro Cultural Português*, vol. X (1976), pp. 387-448, p. 446.

⁵ Os estudos biográficos sobre este trovador encóntranse, principalmente, en: C. Michaëlis, *Cancioneiro da Ajuda. Edição crítica e commentada por*, Lisboa, Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 2 vols. [reimpresión da ed. A. S. Halle, Max Nemeyer, 1904], vol. 2, pp. 560-564; F. Jensen, «Afonso Mendez de Besteiros», in G. Lanciani / G. Tavani (coords.), *Dicionario de Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Lisboa, Caminho, 1993, p. 20; A. Resende de Oliveira, *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*, Lisboa, Edições Colibri, Faculdade de Letras de Lisboa, 1994, p. 309; H. Gonçalves dos Santos, *D. Sancho II. Da deposição à Composição das fontes literárias dos séculos XIII e XIV*, [Dissertação de Mestrado], Porto, [versión PDF:] <<http://repositorio-aberto.up.pt/>>, 2009, pp. 46-49; *MedDB = Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa*, versión 2.3, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, <<http://www.cirp.es/>> [18-2-2011]; *Cantigas Medievais Galego-Portuguesas*, <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/>> [29-2-2012].

⁶ En boa medida, a razón da «marxinación» desta composición nos estudos dedicados ao autor podería ser a diferente temática e información que proporciona cada un dos textos, xa que *Ja lhi nunca pedirán* e *Don Foão, que eu sei que á preço de livão* son escarnios políticos (que, ademais, ofrecen máis facilmente a posibilidade de estimar unha cronoloxía de confección aproximada), mentres que *O arraiz de Roi Garcia* é unha sátira persoal de sentido difícil.

1. AFONSO MENDEZ DE BESTEIROS. HIPÓTESES BIOGRÁFICAS

Pódese afirmar que hai máis hipóteses sobre a vida deste trobador portugués que datos seguros tirados de fontes documentais. Non hai certeza sobre cal sería o seu berce xeográfico, aínda que se encontran dúas opinións principais baseadas no sobrenome detopónimo: unha delas consiste en que fose de Santa Maria de Besteiros, no vale de Besteiros, ao sur de Viseu⁷; a outra que fose de São Cosme de Besteiros, no concello de Paredes⁸.

Oliveira defendeu a posibilidade de que Afonso Mendez de Besteiros estivese baixo a protección de don Gil Martins de Riba de Vizela e, máis tarde, servise ao fillo deste, don Martin Gil de Riba de Vizela⁹; esta hipótese baséase nun documento de 1290 que rexistra unha doazón de don Martin Gil ao mosteiro lisboeta de São Vicente de Fora, e nel menciónase o cabaleiro Afonso Mendes de Besteiros como testemuña¹⁰. A isto podemos engadir outro documento en que o trobador figura en calidade de testemuña, tratándose da repartición de bens entre don Martin Gil de Riba de Vizela e as súas irmás, efectuadas as partillas en 1285 e en 1286¹¹. A pesar das escasas pegadas do trobador de Besteiros na documentación da época, o feito de aparecer en dúas ocasións relacionado á familia Riba de Vizela fai pensar que a proposta de Oliveira sexa posible.

Así, vendo viable o servizo de Afonso Mendez de Besteiros á familia Riba de Vizela, é probable que o trobador viaxase a Castela e alí permanecese con don Gil Martins, único ricohome portugués que acompañou no seu exilio a don Sancho II. Seguramente, nos anos

⁷ Vid. C. Michaëlis, *Cancioneiro da Ajuda... cit.*, vol. 2, pp. 560-564; F. Jensen, «Afonso Mendez de Besteiros» *cit.*; *MedDB* [18-2-2011].

⁸ Vid. en nota, a filóloga alemá recollía esta posibilidade: «Houve todavia outros lugares de nome igual, consignados aos bêteiros lusitanos e gallaicos, p. ex. no concelho de Paredes, onde ainda hoje ha a villa de S. Cosme de Bêteiros», cfr. C. Michaëlis, *Cancioneiro da Ajuda... cit.*, vol. 2, p. 560. Esta é, así mesmo, a hipótese que defende A. Resende de Oliveira, *Depois do espectáculo... cit.*, p. 309, e que se acepta en *Cantigas Medievais Galego-Portuguesas* [29-2-2012].

⁹ Vid. A. Resende de Oliveira, *Depois do espectáculo... cit.*, p. 309.

¹⁰ Seguindo a información disposta por J. Pizarro: «O prior e o most^o de S. Vicente de Fora penhoraram a Dom Martim Gil a ao seu fillo, em suas vidas e pelo valor de 500 lbs., a aldeia de Pousada, no t. da Guarda, para encimar a nossa crosta que teemos começada pêra fazer (ANTT, CR – Most^o de S. Vicente de Fora, m^o4, núm. 21 - doc. de 11 de Set. de 1290, testemunhado por Rodrigo Anes Redondo, Lourenço Viegas de Ataíde, Afonso Mendes de Besteiros, Estêvão Vazques e João Anes, aio de Dom Martim Gil, todos cav^os». Cfr. J. A. de Sotto Mayor Pizarro, *Linhas Medievais Portuguesas* [Tese de Doutoramento], Porto, [versión PDF:] <<http://repositorio-aberto.up.pt/>>, 1997, 2 vols., vol. 1, p. 549.

¹¹ Seguimos tamén aquí as investigacións de J. Pizarro: «As partilhas celebradas entre Martim Gil e as irmãs, em 1285 e em 1286, foram testemunhadas, respectivamente, por Fernão Afonso de Cambra, Martim Rodrigues, Afonso Mendes de Besteiros, João Garcia de Paiva, João Travanca e Pêro Martins de Besteiros, cavaleiros, e por Lourenço Viegas de Ataíde, Gonçalo Gomes, Soeiro Mendes, e de novo Afonso Mendes e João Travanca; foram ambas outorgadas por Dom Martim Anes de Soverosa, sobrinho de Martim Gil (ANTT, CR – Most^o de Arouca, gav.7, m^o9, núm. 4-b, e gav.5, m^o11, núm. 30)». Cfr. J. A. de Sotto Mayor Pizarro, *Linhas Medievais... cit.*, vol. 1, p. 548.

anteriores ao exilio, Afonso Mendez de Besteiros sería partidario do rei portugués durante a guerra civil portuguesa; o escarnio político *Ja lhi nunca pedirán* (B1559), en certa maneira, apoia esta idea, en tanto que é unha composición ambientada en feitos acontecidos durante o conflito entre Sancho II e o conde de Boulogne¹²:

(B1559, f. 325r, col. b-325v, col. a)

- Ja lhi nunca pedirán
o castel'a don Foan,
ca non tiinha el de pan,
senon quanto queria!
- 5 E foi-o vender, de pran,
con minguas que avia!
- Por que lh'ides [i] poer
culpa [de o] non teer?
Ca non tiinha que comer
- 10 *senon quanto queria!*
E foi-o enton vender
con minguas que avia!
- Travan-lhi, mui sen razon,
a ome de tal coraçon.
- 15 «En fronteira de Leon
—diz—, *con quen o terria?*»
E foi-o vender enton,
con minguas que avia!
- Dizen que lh'a el máis val
- 20 esto que diz, ca non al:
«En cabo de Portugal
—diz—, *con quen o terria?*»
E vende-o enton mal,
*con minguas que avia!*¹³

Tras o pasamento de Sancho II, probablemente o trovador regresaría a Portugal xunto a don Gil Martins, que aparece en calidade de prócer na primeira curia solemne que rodeou ao recién proclamado

¹² Para unha explicación máis detallada desta composición, *vid.* Herlânder Gonçalves dos Santos, *D. Sancho II...* *cit.*, pp. 26-54; D. González, «Intertextualidade, interpretación e contextualización dos escarnios V1003 e B1559» (no prelo a). Para máis información sobre estes axitados anos e a traizón de varios nobres a Sancho II, *vid.* J. Varandas, «*BONUS REX*» OU «*REX INUTILIS*». *As periferias e o centro. Redes de Poder no Reinado de D. Sancho II (1223-1248)* [Tese de Doutoramento], Lisboa, [versión PDF:] <<http://repositorio-aberto.up.pt/>>, 2003, pp. 391-407; L. Ventura, *D. Afonso III...* *cit.*, pp. 87-100.

¹³ Para esta e para as seguintes cantigas, reproducimos a nosa propia lectura do texto.

monarca Afonso III¹⁴. Don Gil Martins exerceu certos cargos de relevancia durante o goberno afonsino, pero certas desavenencias co *Bolinhês* obrigaron a este Riba de Vizela a marchar novamente a Castela, acompañado do seu primoxénito, don Martin Gil, e con eles iría Afonso Mendez de Besteiros. Segundo isto, o trobador permanecería na corte castelá de Afonso X de 1264 a 1275 (ano da morte de don Gil Martins) e, máis tarde, entre 1281 e 1285, estaría de novo nesa corte acompañando a don Martin Gil de Riba de Vizela¹⁵.

Durante a primeira desas estadias en Castela (de 1264 a 1275), Afonso Mendez de Besteiros talvez participou nunha das expedicións militares de Afonso X. Outro dos seus textos escarninos parece corroborar esta hipótese: na composición B1558, un cabaleiro portugués de identidade agachada, unha vez máis, baixo a designación «don Foan»¹⁶ é escarnecido por mor da súa falta de coraxe na guerra¹⁷, ridiculizándoo mediante comparacións que o equiparan a un «boi que fer tavão» (v. 3), a un «bezerro tenreiro» (v. 8) e a un «can que sal de grade» (v. 13).

(B1558, f. 325r, col. b)

Don Foão, que eu sei que á prezo de livão,
vedes que fez na guerra, daquesto soo certão:
sol que viu os genetes, come boi que fer tavão,
sacudiu-s'e revolveu-se, al-
5 çou rab'e foi sa via a Portugal.

Don Foão, que eu sei que á prezo de ligeiro,

¹⁴ A carón de don Gil Martins, tamén estaban presentes: Joan Afonso de Albuquerque, Rui Gomes de Briteiros, Estevao Anes, os conselleiros Men Soares de Melo, Joan Perez de Aboin, Joan Soarez Coelho, o arcebispo de Braga, Joan Viegas de Portocarreiro, varios bispos entre os que estaba xa Martinho de Évora, e entre os próceres figuraban os irmáns Garcia de Sousa, os irmáns Fernando, Afonso, Diogo Lopes de Baian, Soeiro Pais de Valadares e Martim Pires de Vide. Vid. L. Ventura, *D. Afonso III... cit.*, pp. 103-104.

¹⁵ Vid. A. Resende de Oliveira, *Depois do espectáculo... cit.*, p. 309.

¹⁶ A propósito desta designación xenérica, vid. J. Filgueira Valverde, *Alfonso X, poeta profano*, Madrid, 1987, p. 26. Michaëlis identificou o *don Foan* desta cantiga de Besteiros con don João Pires de Vasconcelos, coñecido polo sobrenome de *Tenreiro*, que, segundo a editora alemá, sería tamén o protagonista da cantiga *Don Foan, quand'ogano aqui chegou* de Alfonso X, hipótese que comparte J. Paredes. Vid. C. Michaëlis, *Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português de Carolina Michaëlis de Vasconcelos*, Coimbra, Universidade de Coimbra [Y. Frateschi Vieira, J. L. Rodríguez, M. Isabel Morán Cabanas, J. A. Souto Cabo (eds.)], 2004, pp. 175-217, p. 193; J. Paredes, *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2010, pp. 226-251.

¹⁷ As guerras andaluzas e a actitude nelas dos nobres foron orixe de cantigas que xa teñen sido obxecto de estudo por parte da crítica, destacadamente: C. Michaëlis, *Glosas Marginais... cit.*, pp. 175-217, especialmente pp. 192-193, en relación a esta composición; V. Beltrán, *Poética, poesía y sociedad en la lírica medieval*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela 2007, pp. 13-52 (véxase a p. 43 respecto a B1558); J. Paredes, *La Guerra de Granada en las Cantigas de Alfonso X el Sabio*, Granada, Universidad de Granada, 1991.

vedes que fez na guerra, daquesto son verdadeiro:
 sol que viu os genetes, come bezerro tenreiro,
 sacudiu-s' e revolveu-se, [al-
 10 *çou rab 'e foi sa via a Portugal.*]

Don Foão, que eu sei que á prez de liveldade,
 vedes que fez na guerra, sabede-o por verdade:
 sol que viu os genetes, come can que sal de grade,
 sacu[diu-s' e revolveu-se, al-
 15 *çou rab 'e foi sa via a Portugal.*]

En síntese, o que sabemos con certeza da traxectoria vital do trobador Afonso Mendez de Besteiros é ben pouco, mais hai indicios que apuntan cara a unha vida lonxeva: xa sería adulto na década dos corenta, probablemente posicionado a favor do rei Sancho II durante a guerra civil (1245-1247). Seguía vivo en 1290, data en que aparece como testemuña nun documento de doazón por parte don Martin Gil de Riba de Vizela ao mosteiro de S. Vicente de Fora, en Lisboa. Da mesma maneira, a súa faceta poética parece que abrangueu tamén un amplo período: sería un poeta activo a finais da década dos corenta¹⁸, época en que parece estar ambientado un dos seus escarnios políticos (B1559), mentres que o outro sirventés (B1558) fai vilipendio da covardía dun cabaleiro, nun contexto que podería ser o das campañas andaluzas de Alfonso X. Malia estes supostos desprazamentos da corte portuguesa de Sancho II á corte castelá de Alfonso X, a terceira das súas cantigas satíricas (B1560) remite, como se verá máis adiante, ao universo da corte de Afonso III, o *Bolonhês*.

2. O ARRAIZ DE ROI GARCIA: PROBLEMAS TEXTUAIS E INTERPRETATIVOS

Para a crítica, un dos problemas da cantiga satírica B1560 foi a interpretación do termo «arraiz», presente no *incipit*. Na lingua medieval, esta expresión tiña dous significados: 'xeife' ou 'capitán de navío'¹⁹ e 'pano confeccionado na cidade de Arras'²⁰.

¹⁸ Jensen propuxo un período de actividade lixeiramente máis breve, de 1250 a 1275. *Vid.* F. Jensen, «Afonso Mendez de Besteiros» *cit.*

¹⁹ Esta acepción do termo está amplamente documentada. *Vid.* J. Viterbo, *Elucidário das palavras, termos e frases que em Portugal antigamente se usaram e que hoje regularmente se ignoram: obra indispensável para entender sem erro os documentos mais raros e preciosos que entre nós se conservam*, Porto, Livraria Civilização, 1966, 2 vols., vol. 1, p. 574; J. Corominas e J. A. Pascual, (DCECH =) *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, Madrid, Gredos, 1980, vol. 1, p. 345; R. Lorenzo, *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario*, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijoo», 1977, vol. 2 (*Glosario*), p. 171; J. P. Machado, *Dicionário etimológico da língua portuguesa*, Lisboa, Livros Horizonte, 1989, 5 vols., vol. 1, p. 314.

²⁰ *Vid.* J. Viterbo, *Elucidário das palavras...* *cit.* I, 577.

Os primeiros editores e estudosos desta sátira²¹ só tiveron en consideración o sentido ‘capitán’. Máis recentemente, o historiador A. Resende de Oliveira propuxo o significado ‘tecido confeccionado en Arras’²², sinalando a semellanza deste caso co da célebre composición *O genete* de Alfonso X, onde se fala de «panos d’arrazes»²³, xa que esta expresión na cantiga do rei castelán non foi ben interpretada ata que J. Piel aclarou o sentido do termo en cuestión:

Esta identificação de *arrazes* com o vocábulo português *arraiz* (esp. *arráez*), que hoje significa ‘patrão de um barco’ —e donde procede o conhecido apelido *Arrais*— não me parece aceitável, porquanto na Idade Média os tecidos (*panos*) recebem normalmente o seu nome das cidades de origem, na maioria situadas na Flandres²⁴.

Debido a que o substantivo «arraiz» xoga unha importante función na composición de Afonso Mendez de Besteiros, o sentido xeral da sátira variou dun xeito moi significativo dun crítico a outro. Debemos precisar que, á diferenza do que sucede cos outros dous escarnios do trobador, amplamente recollidos en antoloxías²⁵ e noutro tipo de estudos²⁶, poucos editores ousaron traballar con esta sátira de escuro sentido²⁷. Este feito, sen dúbida, estaría condicionado pola presenza

²¹ Vid. C. Michaëlis, *Cancioneiro da Ajuda... cit.*, vol. 2, p. 561; E. Machado / J. P. Machado, *Cancioneiro da Biblioteca Nacional, antigo Colocci-Brancuti*, Lisboa, Revista de Portugal, 1949-1964, 8 vols., 1956, vol. 5, pp. 272-273; M. Rodrigues Lapa, *Cantigas d’escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*, Vigo, Galaxia, 1995 [1.^a ed. 1965], p. 58; G. Videira Lopes, *Cantigas de escárnio e maldizer dos trovadores e jograis galego-portugueses*, Lisboa, Estampa, 2002, p. 115.

²² Vid. A. Resende de Oliveira, «Rui Garcia de Paiva no escarnio galego-português», *Revista Portuguesa de História*, XXXVI, vol. 1 (2002/2003), pp. 285-295.

²³ Incluída nos versos: «Vi eu de coteifes azes / con infanções siguaes / mui peores ca rapazes; / e ouveron tal pavor / que os seus panos d’arrazes / tornaron doutra color» (*MedDB* [12-1-2011]). A edición crítica da cantiga completa pode verse en J. Paredes, *El cancionero profano de Alfonso X... cit.*, pp. 253-260.

²⁴ Cfr. J. Piel, «Coteifes orpelados, panos d’arrazes e Martinhos», *Estudos de Lingüística Histórica Galego-Portuguesa*, 1989, pp. 115-122, pp. 117-118.

²⁵ Así, por exemplo, reproducése o texto de B1558 en: F. Jensen, *Medieval galician-portuguese poetry: an anthology*, New York, Garland, 1970, pp. 14-15, pp. 409-410; J. J. Nunes, *Crestomatia Arcaica. Excertos da Literatura Portuguesa desde o que mais antigo se conhece até o século XVI, acompanhada de introdução gramatical, notas e glossário*, Lisboa, Livraria Clássica Editora, 1970, p. 292; H. Deluy, *Troubadours galégo-portugais*, Paris, P.O.L., 1987, pp. 176-177; M. Rodrigues Lapa, *Cantigas d’escarnho... cit.*, p. 60; G. Videira Lopes, *Cantigas de escárnio... cit.*, pp. 113-114; B. Arias Freixedo, *Antoloxía da lírica galego-portuguesa*, Vigo, Xerais, 2003, pp. 330-332; C. Michaëlis, *Glosas Marginais... cit.*, p. 192-193; e, entre as edicións que reproducen B1559, podemos citar: M. Rodrigues Lapa, *Cantigas d’escarnho... cit.*, p. 58; G. Videira Lopes, *Cantigas de escárnio... cit.*, p. 114; F. Jensen, *Medieval galician-portuguese poetry... cit.*, pp. 16-17, pp. 410-411; C. Michaëlis, *Glosas Marginais... cit.*, pp. 202-203.

²⁶ Destacaremos aquí os traballos de Beltrán, *Poética, poesía y sociedad... cit.*; H. Gonçalves dos Santos, *D. Sancho II... cit.*; D. González, «Contribución ao estudo da cantiga de seguir dos cancioneiros galego-portugueses: o caso dos escarnios V1003 e B1559» (no prelo c); D. González, «Intertextualidade, interpretación...» *cit.* (no prelo a).

²⁷ As propostas textuais limitanse a: E. Machado / J. P. Machado, *Cancioneiro... cit.*, vol. 5, pp. 272-273, M. Rodrigues Lapa, *Cantigas d’escarnho... cit.*, p. 58; G. Videira Lopes, *Cantigas*

doutras dúas expresións de sentido pouco transparente (*desseino-o* e *enlinho-o*)²⁸, localizadas nos versos de refrán intercalar; de aquí que para *O arraiz de Roi Garcia*, as propostas de Lapa²⁹ e Lopes³⁰ inclúsen unha emenda no segundo verso do refrán, correxindo a lección manuscrita a *enseino-o*, entendendo que:

D. Rui Garcia, que teria relações homossexuais com um seu capitão: quando vivia com ele, *desseina-o*, isto é, tirava-lhe a gordura; quando se ausentava, o arrais tornava a engordar, *enseina-o*³¹.

Porén, esta *emendatio* parécenos incorrecta, ademais de innecesaria, e baséase nunha interpretación do texto coa que non estamos de acordo³². Desde a nosa perspectiva, a expresión «arraiz» ten o valor ‘tecido de luxo confeccionado na localidade francesa de Arras’ e os verbos «desseinar» e «enlinhar» poderían interpretarse cun sentido próximo a ‘lavar’³³ e

de escárnio... cit., p. 115; *Cantigas Medievais Galego-Portuguesas* [29-2-2012]; e a nosa proposta e explicación do texto encóntrase en D. González, «*O arraiz de Roi Garcia... desseino-o et enlinho-o*. Une nouvelle lecture du texte satirique B1560 d’Afonso Mendez de Besteiros», *Revue des Langues Romanes* (no prelo b).

²⁸ Para unha explicación da problemática que afecta esta cantiga, e unha nova proposta textual e a nosa lectura do texto, diferente da establecida polos editores anteriores, *vid.* D. González, «*O arraiz de Roi Garcia...*» *cit.* (no prelo b).

²⁹ M. Rodrigues Lapa, *Cantigas d’escárnio... cit.*, p. 58.

³⁰ G. Videira Lopes, *Cantigas de escárnio... cit.*, p. 115.

³¹ Cfr. M. Rodrigues Lapa, *Cantigas d’escárnio... cit.*, p. 58.

³² Desde o noso punto de vista, é máis aceptable a proposta de Oliveira, que, adoptando o valor ‘pano de Arras’ para o termo *arraiz*, pero sen poder dar explicación ao refrán, presenta dúas interpretacións posibles e con certa proximidade á lectura que nós realizamos deste texto (*vid.* D. González, «*O arraiz de Roi Garcia...*» *cit.* [no prelo b]), en tanto que hipotetiza que a orixe da sátira resida ben na forma de vestir inadecuada de Roi Garcia, ben na súa constitución física, na cobiza ou na avariza. *Vid.* A. Resende de Oliveira, «Rui Garcia de Paiva»... *cit.*, pp. 294-295. Outra interpretación diferente é a que se reproduce en *Cantigas Medievais Galego-Portuguesas* [29-2-2012], onde tampouco se considera pertinente emendar o segundo verso de refrán, e explícase que: «considerando que o termo «arraiz» terá seguramente un duplo sentido, pensamos ser possível uma conciliação entre as duas interpretações: partindo do pressuposto que o trovador utiliza aqui o termo num primeiro nível «inocente», como sugere Resende de Oliveira, esse sentido não seria, no entanto, o de tecido, mas sim, eventualmente, o de «falcão da espada» (parte recurva do seu punho), valor que encontramos atestado em textos da época. Assim, não vemos necessidade de corrigir o tão claro *enlinhar* que os mss. nos fornecem para o segundo verso do refrão: Rui Garcia *desseina-o* (emagrecia) o seu «falcão» em Leiria (passeava-o, utilizava-o, servia-se dele, como nos diz o v.7) e endireitava-o (ou metia-o na linha), em Santarém (*em cas d’el-rei*). Note-se que este sentido do termo não impede, antes reforça, um possível equívoco erótico com arrais/capitão». Porén, conclúese que «as circunstâncias em que Rui Garcia de Paiva «desseina-o» ou «enlinha-o» o seu arrais são assaz nebulosas, não sendo mesmo impossível que a cantiga comportasse igualmente uma dimensão política que nos escapa». Polo tanto, aínda que nesta proposta textual non se acepte a emenda suxerida por Lapa, a interpretación que se fai da sátira non coincide coa que nós defendemos.

³³ O verbo *desseinar* presenta outras formas, como *desceinar* e *desainar*. *Vid.* A. Houaiss / M. de Salles Villar / F. M. de Mello Franco, *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*, Rio de Janeiro, Objetiva, 2001, p. 1015 (s.v. ‘desseinar’). Segundo o *Dicionário Houaiss de Língua Portuguesa* a voz *deceinar* defínese como: «v. 1 t. d. lavar e bater (meadas, esp. de linho) depois de retirar da barreira para retirar as cinzas que estão por cima. 2. t.d. (s. xv) Rúbrica: arte

‘zurcir’³⁴, respectivamente. Así pois, considerando inadecuada a medida dos referidos editores, reproducimos o texto segundo a nosa proposta, e destacaremos aquí os antropónimos e os topónimos que son os elementos que nos interesan principalmente neste traballo:

(B1560, f. 325v, col. a-b)

O arraiz de Roi Garcia
que en Leirea tragia
desseino-o;
e pois vëo outro dia,
5 *enlinho-o.*

Non vos foi el de mal sën
[e] serviu-se del mui ben,
desseino-o;
e pois vëo a Santaren,
10 *enlinho-o.*

Non vos foi del mui mezquinho,
per como diz Cogominho,
desseino-o;
e pois morreu don Martinho,
15 *enli[nho-o.]*

Ainda vos eu máis direi
per quant’eu del vej’e sei:
desseino-o;
e pois vëo a cas d’el-Rei,
20 *enli[nho-o.]*

venatoria. Amansar novamente (falcão ou açor) depois da muda (“mudança de penugem”), carregando no braço, à noite, ou privando de alimentação habitual. 3. *intr.* (s. xv) Derivação por analogia. Gritar muito, debater-se (à semelhança do falcão ou açor quando deceinado)»; sobre a etimoloxía e a orixe da forma dise que é escura, aínda que podería ser derivado do latín CINIS, -ERIS ‘cinza’ e que, no século xv, documéntase baixo as formas *deceinar*, *desceinar* e *deseinar*. Cfr. e vid. A. Houaiss, M. de Salles Villar y F. M. de Mello Franco, *Dicionário Houaiss... cit.*, p. 918 (s.v. ‘deceinar’). Porén, Corominas e Pascual, baixo a entrada ‘saín’, do «lat. vg. *SAGINUM, lat. SAGINA ‘engorde de animales’, ‘gordura, calidade de gordo’» (cfr., *DCECH*, vol. 5, p. 127), citan *sainar*, do verbo latino SAGINARE ‘grossir’, así como *ensainar* e *deseinar*; igualmente recollen a hipótese de que a partir de **desaiñar* se pasase no galego a *desañar*. Vid. J. Corominas e J. A. Pascual, *DCECH*, vol. 5, p. 128. Nos dicionarios de galego moderno *desañar* rexístrase cos valores ‘lavar meadas de liño’, ‘lavar a roupa por primeira vez’, ‘desinfectar; en relación parece estar *deseivar* ou *desaivar*: ‘lavar a roupa branca nun primeiro lavado’, ‘limpar’, ‘lavar superficialmente para quitar algunha mancha’. Vid. (*RILG*=) *Recursos Integrados da Lingua Galega*, <<http://sli.uvigo.es/RILG/>> [21-5-2011], s.v. ‘deceinar’, ‘desañar’, ‘deseivar’, ‘desaivar’.

³⁴ Podemos propoñer este valor que aínda parece rexistrarse nalgún dicionario de galego moderno. Así, a segunda das acepcións que rexistra a voz no dicionario *Ir Indo* (dispoñible en: <http://entrada.digalego.com/dicionario_xunta/html> [21-5-2011], s.v. ‘enliñar’) é: «Pasar por un fio, arame ou algo similar cousas que teñen un burato», ademais de recoller a acepción primeira e máis estendida de «Introducir un fio polo burato dunha agulla».

Afonso Mendez de Besteiros dedicou esta sátira a Roi Garcia, que foi identificado de forma unánime pola crítica con Roi Garcia de Pavia³⁵. Probablemente, esta cantiga tivo orixe nun modo de vestir pobre e inapropiado para un individuo que se relacionaba coa «cas del-Rei». Talvez Roi Garcia portase un pano de luxo excesivamente vello e moi gastado, que precisase de arranxos cada vez que o nobre quería presentarse na corte. É ben coñecido que a moda e as prendas de vestir inspiraron certo número de cantigas³⁶, e a xocosidade desta cantiga de Afonso Mendez de Besteiros podería dirixirse á falta «protocolaria» no vestir, que sen dúbida provocaría de seu chacota suficiente entre os outros cortesáns. Porén, segundo cal fose a razón do mal vestir, a cantiga podería asumir outros matices satíricos engadidos, derivados por exemplo dunha situación económica inestable ou dunha personalidade «mesquiña» do escarnizado.

3. ROI GARCIA EN *CAS DEL-REI*: O CONTEXTO DA CANTIGA

Probablemente, antes de 1248, Roi Garcia de Pavia estaría en Coimbra, participando na guerra civil no bando do rei Sancho II contra o conde de Boulogne³⁷.

³⁵ A primeira en propoñer esta identificación foi C. Michaëlis (*Cancioneiro da Ajuda... cit.*, vol. 2, p. 561). Para unha biografía deste nobre, *vid.* L. Ventura, *A nobreza de corte de Afonso III*, Coimbra, Facultade de Letras de Coimbra [dissertação de doutoramento policopiada], 1992, 2 vols., vol. 1, pp. 673-683; A. Resende de Oliveira, «Rui Garcia de Paiva»...*cit.*, pp. 285-295. Moi sinteticamente, destacaremos que Roi Garcia de Pavia naceu probablemente nos inicios do século XIII; era fillo de Garcia Fernandes de Pavia e de Teresa Peres de Baião, e irmán de Sancho Garcia de Pavia. Polo tanto, pertencía á familia dos Quartela-Pavia, unha escisión dunha liñaxe portuguesa maior e de recoñecida importancia: os Baiões, da que, como se sabe, xurdiron, ademais dos Pavia, as poderosas familias portuguesas Azevedo, Velho e Baião. Desde o punto de vista xeográfico, a familia dos Pavia reunía, nos inicios, o seu patrimonio maiormente nas proximidades dos ríos Sousa e Paiva. Para máis información sobre esta familia, *vid.* J. A. de Sotto Mayor Pizarro, *Linhagens Medievais... cit.*, vol. 1, pp. 419-422.

³⁶ Consérvanse exemplos diversos nos cancioneiros. Nesas cantigas encontramos referencias a modas, modos ou pezas de vestir (ben como orixe da censura, ben como elemento engadido ao reproche doutro tipo de hábitos e condutas, etc). Entre os escarnios dedicados ao xeito de vestir, destacaremos a cantiga de Martin Soares *Joan Fernandes, que mal vos talharon*, composición con que se censurou levar a saia demasiado subida, pois para regular a medida se adoitaba usar un cinto ou un cordón; *De grado queria ora saber* de Alfonso X, que fai repaso do *prêt-à-porter* masculino da época, criticando aos que empregaban a saia demasiado longa, poucas veces amarrada, e no caso de levaren cinto de seda este era excesivamente ancho, dándolles aspecto de «molheres prenhadas»; ademais, o monarca castelán mofouse do estilo dos seus mantos e das súas «mangas mui curtas e esfaldadas» (*vid.* *MedDB* [16-4-2011]; A. H. Oliveira Marques, *A Sociedade medieval portuguesa: aspectos de vida quotidiana*, Lisboa, Sá da Costa, 1981, pp. 23-62). Non faltan casos en que a orixe da composición reside no uso dunha prenda excesivamente vella, como é o caso da *tenso* entre Garcia Perez e Afonso X, *ũa pregunt'ar quer'a el Rei fazer* (54,1). Evidentemente, a moda seguiu sendo motivo de burlas e fonte de inspiración na literatura posterior (a este respecto, remitimos ao traballo de I. Morán, *Traje, gentileza e poesia: moda e vestimenta no Cancioneiro Geral de Garcia de Resende*, Lisboa, Estampa, 2001, que se centra no vestido no *Cancioneiro Geral de Garcia de Resende*).

³⁷ Na cidade gobernaba o soberano e os seus partidarios, entre os que L. Ventura (*D. Afonso III... cit.*, pp. 96-98) sitúa a Roi Garcia de Pavia, a Martin Gil de Soverosa, ao seu irmán, o trovador Vasco Gil, a varios membros da familia Riba de Vizela, que se acompañarían dos

Michaëlis³⁸ situaba este nobre no cerco de Sevilla no mesmo ano en que se produciu o pasamento de Sancho II, e esta hipótese vese reafirmada pola inclusión do seu nome nos libros das reparticións andaluzas³⁹. Anos máis tarde, Roi Garcia aparece integrado na corte portuguesa afonsina; o seu nome empeza a documentarse de forma máis ou menos continuada a partir de 1262, data en que casou en segundas nupcias con Berengaria Aires⁴⁰, que foi a fundadora do mosteiro feminino de Santa Maria de Almoester e a súa primeira abadesa⁴¹.

Nesta nova etapa, Roi Garcia de Pavia, que era membro da Orde do Hospital⁴², sería un dos nobres relacionados coa corte afonsina. Rexístrase en documentos chancelarescos desde 1263 ata 1274⁴³; neses textos, o seu nome aparece xunto ao doutros funcionarios e personalidades destacables no plano político e cultural do momento: Joan Perez de Aboin, Joan Soares Coelho, Gonçalves Garcia, Men Rodriguez de Briteiros, Afonso Lopez de Baian e Fernan Fernandez

seus respectivos vasalos –entre os que pode ser que se encontrase o trobador Afonso Mendez de Besteiros–; tamén estarían alí outros nobres, como Gonçalo Anes de Portocarreiro, Egas Lourenço da Cunha e Fernan Fernandez Cogominho.

³⁸ Vid. C. Michaëlis, *Cancioneiro da Ajuda... cit.*, vol. 2, p. 561.

³⁹ Vid. H. David, «Os portugueses nos livros de «repartimiento» da andaluzia (século XIII)», *Revista da Faculdade de Letras*, 3, 1986, pp. 51-75.

⁴⁰ Esta alianza matrimonial puido ser a que lle proporcionase os contactos necesarios para integrarse no círculo cortesán, segundo A. Resende de Oliveira («Rui Garcia de Paiva»...*cit.*, p. 289), que considera posible que fosen Martin Peres de Vide e Aires Nunes de Gosende (tío e pai de Berengaria Aires, respectivamente) os que puideron facilitar a entrada no espazo rexio a Roi Garcia.

⁴¹ Berengaria Aires foi a súa primeira abadesa por disposición familiar, e a filla desta e de Roi Garcia de Pavia, Maria Rodrigues, foi a segunda abadesa deste convento entre 1311 e 1321. Vid. J. M. Henriques Varandas, *Monacato feminino e domínio rural: o património do Mosteiro de Santa Maria de Almoester no século XIV*, [Trabalho de síntese, para prova de aptidão pedagógica e capacidade científica, apresentado à Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa], Lisboa, [versión PDF:] <<http://hdl.handle.net/10451/597>>, 1994, pp. 29-30, 36.

⁴² Este dato parécenos importante. Nesta Orde había numerosos membros da pequena e da mediana nobreza portuguesa que se viu beneficiada despois da guerra civil, porque gañou capacidade de intervención durante o reinado de Afonso III. Porén, a Orde do Hospital non se conformaba exclusivamente dunha nobreza de segunda categoría, pois, aínda que cunha modesta representación, había integrantes de liñaxes poderosas, como os Riba de Vizela ou os Aboin-Portel, entre os que destaca o célebre trobador Joan Perez de Aboin, valido de Afonso III, como un dos nobres que mantivo unha estreita relación coa Orde de San Xoán (vid. P. Pinto Costa, «A nobreza e a Ordem do Hospital: uma aliança estratégica», in I. C. Fernandes (coord.), *As Ordens Militares e as Ordens de Cavalaria na Construção do Mundo Ocidental. Actas do IV Encontro sobre Ordens Militares*, Câmara Municipal de Palmela, Colibri, 2005, pp. 605-621). Roi Garcia de Pavia e a súa muller eran *frater et soror* da institución; grazas ao Hospital obtivo diversos beneficios, aínda que, de 1271 a 1305, Berengaria Aires mantivo un grave contencioso coa Orde pola posesión de certos bens (vid. J. M. Henriques Varandas, *Monacato feminino... cit.*, p. 34). O matrimonio mantería relación con outros hospitalarios, como Joan Perez de Aboin, e así, L. Ventura indica que o Pavia dispuña de selo propio, pero a súa muller non o tiña en 1271, «pelo que, quando necessário, pedia a D. João Peres de Aboim que pusesse seu selo». Cfr. L. Ventura, *A nobreza de corte... cit.*, vol. 2, p. 680.

⁴³ A primeira vez que se rexistra na documentación chancelaresca é nun texto feito en Lisboa o 16 de marzo de 1263 e a última documentación nesa fonte é un texto feito en Lisboa con data de 15 de xullo de 1274. Vid. A. Resende de Oliveira / L. Ventura (eds.), *Chancelaria de D. Afonso III. Livro I*, Coimbra, Imprensa da Universidade de Coimbra, 2006, 2 vols, vol. 1, p. 340 [doc. 299], vol. 2, pp. 188-189 [doc. 612].

Cogominho. Ademais de desenvolver a función de conselleiro rexio, exerceu outros cargos, como o de tenente dos castelos de Marvão, Portoalegre e Arronches⁴⁴. A morte chegoulle a Roi Garcia de Paiva en 1276, e encontrábase sepultado na capela de São João, no mosteiro de Vila Boa da Bispo⁴⁵.

En síntese, parece que foi a partir dos inicios da década dos sesenta cando Roi Garcia de Pavia se introduciu, pouco a pouco, no círculo cortesán que rodeaba a Afonso III, o que lle permitiría non só acadar certos cargos de poder, senón tamén manter contacto con moitos dos funcionarios, conselleiros e privados, entre os que se encontrarían membros activos do movemento trobadoresco localizado na corte portuguesa.

Na última cobra da sátira de Afonso Mendez de Besteiros dise que o escarnecido Roi Garcia foi *a cas del-rei*, que interpretamos como unha referencia directa á corte de Afonso III. Na primeira cobra, o personaxe sitúase en *Leirea* (v. 2) e máis adiante, na segunda cobra, localízase en *Santarem* (v. 9); estes topónimos podemos entendelos como alusións ao mesmo espazo rexio. Así, Santarém foi un dos centros urbanos priorizados polo monarca ao longo do seu goberno e, ademais, parece que foi un núcleo onde se desenvolveu con forza o movemento trobadoresco, como se deduce da presenza de trobadores nesta urbe e nas súas inmediacións, e das mencións a esta cidade en varias composicións trobadorescas⁴⁶. En canto a Leiria, segundo as indicacións de L. Ventura, foi un centro urbano que o monarca visitou con relativa frecuencia nun período comprendido desde 1255 ata 1270, aproximadamente⁴⁷.

Así pois, o espazo da sátira remite á corte de Afonso III, quen, como se sabe, foi monarca desde 1248 ata 1279. Tendo en consideración a presenza de Roi Garcia na corte (documentada de 1262 ata 1276, ano da súa morte), e tendo tamén en conta o tempo en que, hipoteticamente, Afonso Mendez de Besteiros estivo ausente de Portugal (de 1264 a 1275), é posible pensar en dous breves períodos en

⁴⁴ O documento de confirmación, feito en Lisboa, data do 11 de outubro de 1271; entre os confirmantes figuran, entre outros, nomes coñecidos no medio trobadoresco. Vid. A. Resende de Oliveira / L. Ventura (eds.), *Chancelaria... cit.*, vol. 2, p. 85-87 [doc. 490]. Non obstante, existen certas dúbidas respecto desta tenencia, pois ben podía ser xa detentor destes castelos, ou ben o rei llos deu a gardar en nome do infante Afonso, que daquela tiña só 9 anos. Vid. L. Ventura, *D. Afonso III... cit.*, pp. 187-188; L. Ventura, *A nobreza de corte... cit.*, vol. 2, p. 673.

⁴⁵ Vid. L. Ventura, *A nobreza de corte... cit.*, vol. 2, p. 680.

⁴⁶ A este respecto, vid. A. Resende de Oliveira, «Distracções e cultura» *cit.*, pp. 298-299.

⁴⁷ Explica L. Ventura que a corte deste rei foi máis itinerante nos primeiros anos (aproximadamente ata 1255), aínda que xa sobresaían algúns núcleos urbanos preferentes, aos que o monarca regresaba con certa frecuencia. Esta itinerancia nos inicios do reinado afonsino non era caprichosa nin arbitraria, senón que formaría parte dun plan de expansión e afianzamento territorial. Nun momento posterior, ata 1270, defínense tres lugares principais como os máis visitados por Afonso III: Lisboa, Coimbra e Santarém, seguidos en orde de preferencia por Guimarães e Leiria. O último período, aproximadamente entre 1270 e 1279, caracterízase por un maior asentamento da corte na cidade de Lisboa, con algunhas excepcións (como as visitas a Chelas ou Santarém). Vid. L. Ventura, *D. Afonso III... cit.*, pp. 197-200.

que o autor da composición puido ter contacto con Roi Garcia de Pavia na corte portuguesa e dedicarlle a sátira: a) de 1263 a 1264: cando o escarnecido xa se rexistra con certa regularidade na corte, podería coincidir con Afonso Mendez de Besteiros, nun momento anterior á súa marcha, en 1264; b) de 1275 a 1276⁴⁸: despois do pasamento de don Gil Martins de Riba de Vizela, en 1275, o trovador estaría de volta en Portugal e podería estar en contacto coa corte portuguesa e con Roi Garcia de Pavia antes da morte deste, en 1276.

Estas dúas datas de produción coinciden coa cronoloxía proposta por A. Oliveira⁴⁹, que estudou detalladamente esta cuestión tendo en consideración outro dato máis, fornecido polo propio texto: a morte dun *don Martinho* referida no verso 14. Michaëlis identificáralo con don Martinho, bispo de Évora, falecido en 1266⁵⁰. Ademais de contemplar esta posibilidade, Oliveira considerou outras opcións non desestimables, que referimos a continuación: primeiro, don Martin Anes, documentado entre 1254 e 1265, que morreu antes de Roi Garcia de Pavia, pois en 1271 e 1275 os bens que tiña foron devoltos á Orde de Avis. Outra posibilidade é que se trate de don Martinho Geraldés, arcebispo de Braga, rexistrado con frecuencia na documentación chanceliresca entre 1256 e 1271; morreu en Viterbo en 1271, e estaría ausente do reino desde catro anos antes. Por último, Oliveira propón como alternativa máis dubidosa a identificación con Martin Fernandes, documentado á fronte da Orde de Avis entre 1238 e 1264 e só rexistrado na corte esporadicamente⁵¹.

4. *PER COMO DIZ COGOMINHO*: FERNAN FERNANDEZ COGOMINHO NO MEDIO CORTESÁN E TROBADORES

Afonso Mendez de Besteiros dirixiu a súa sátira contra o nobre e cortesán Roi Garcia de Pavia, que, na cantiga, se sitúa en Leiria e Santarém, enclaves onde o *Bolonhês* reunía a súa corte; ademais, na última cobra, o escarnizado localízase explicitamente en *cas del-rei*. Vemos, polo tanto, que hai unha serie de referencias temporais e persoais que nos permiten ambientar a sátira na corte de Afonso III.

⁴⁸ Advirtase que, conforme ao exposto na nota anterior, os anos 1275-1276 sitúanse nunha etapa de menor itinerancia da corte, contrariamente ao que parece desprenderse da lectura da sátira. Sen que se poida rexeitar totalmente a posibilidade de que a peza se confeccionase entre 1275 e 1276, parécenos máis probable que a elaboración da cantiga se situase cronologicamente entre 1263-1264, anos que entran dentro do período en que a corte se localizaba preferentemente en varios núcleos urbanos, entre os que se encontraban Santarém e Leiria, que, recordemos, están nomeados na cantiga de Afonso Mendez de Besteiros.

⁴⁹ Vid. A. Resende de Oliveira, «Rui Garcia de Paiva»...*cit.*, pp. 293-294.

⁵⁰ Vid. C. Michaëlis, *Cancioneiro da Ajuda*... *cit.*, vol. 2, p. 561. Na documentación chanceliresca de Afonso III aparece con frecuencia en calidade de confirmante, como *domnus Martinus episcopus elborensis*. Semella que permaneceu próximo a Afonso III, pois aparece documentado na primeira curia solemne celebrada en Ourem, en novembro de 1248. Vid. L. Ventura, *D. Afonso III*... *cit.*, pp. 103-104.

⁵¹ Vid. A. Resende de Oliveira, «Rui Garcia de Paiva»...*cit.*, pp. 293-294.

Entre os nomeados na cantiga, aparece un *Cogominho*, no v. 17, que debe ser unha referencia a Fernan Fernandez Cogominho (I), un nobre que, a partir da década dos cincuenta, exerceu diversos cargos de certa importancia na corte de Afonso III. Dificilmente a alusión do v. 17 remitiría a Fernan Fernandez Cogominho (II), primoxénito e homónimo do nobre cortesán referido, sobre quen non se teñen indicios de que alimentase vínculos coa corte portuguesa. Esta relación de homonimia entre o pai e o fillo non pasou desapercibida a editores e investigadores que traballaron na biografía dun *don Fernan Fernandez Cogominho* a quen se lle atribúen once cantigas transmitidas nos apógrafos italianos⁵², e, na análise desta problemática determinación autorial, a mención que se fai a *Cogominho* na sátira do trobador de Besteiros debe estimarse como un indicio literario que axuda a esclarecer a cuestión.

Fernan Fernandez Cogominho (I) era orixinario das terras do norte, membro da familia dos Guedões, e sería o primeiro en singularizarse co sobrenome *Cogominho*, que se converteu en hereditario para a súa descendencia. A documentación máis antiga deste Guedão contense no testamento de Sancho II, que se asinou en Toledo en xaneiro de 1248. Isto permítenos pensar que mantivo unha estreita vinculación a Sancho II nos anos precedentes ao exilio do monarca en 1247, e mesmo é probable que lle prestase o seu apoio durante os anos conflictivos da guerra civil⁵³. Non obstante, o nobre reaparece na documentación portuguesa a partir de 1253, relacionado á corte de Afonso III. Neste medio, Fernan Fernandez Cogominho (I) chegou a desenvolver cargos de importancia (como conselleiro e privado real). Ademais, o seu nome encóntrase con frecuencia nos documentos emanados da chancelaría, probando que existiu contacto entre este Cogominho e célebres trobadores que, da mesma maneira ca el, formaban parte da corte de Afonso III, onde tamén eles podían estar desenvolvendo diferentes funcións como funcionarios. Así, con frecuencia rexistramos na documentación o seu nome a carón do dos cortesáns e trobadores Joan Perez d'Aboín, Joan Soarez Coelho, Gonçalo Garcia, Men Rodriguez de Briteiros e Afonso Lopez de Baian⁵⁴.

⁵² O seu corpus poético está conformado por sete cantigas transmitidas na sección do xénero de *amor* do cancionero *B* (B361-B366^{bis}), e catro cantigas de amigo copiadas na sección correspondente de *B* e *V* (B702- B705 e V303-V306).

⁵³ Pénsese que tanto a inclusión do nome de Fernan Fernandez Cogominho (I) no testamento de D. Sancho II, feito en Toledo en 1248, como a hipótese de que este nobre apoiase ao monarca na guerra civil, contextualizan a este Guedão nunha rede social propicia a Sancho II, na que tamén se incluía o ricohome don Gil Martins de Riba de Vizela, que ademais figura como testemuña no testamento do rei, e a quen, probablemente, servía o trobador Afonso Mendes de Besteiros.

⁵⁴ Para máis información biográfica sobre este privado do rei Afonso III, *vid.* D. González, *Fernan Fernandez Cogominho: estudo biográfico, edición crítica, estudo lingüístico e literario, rimario e glosario*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, [Tese de doutoramento inédita,] 2009, pp. 19-58.

O contacto entre Roi Garcia de Paiva e Fernan Fernandez Cogominho (I) preséntase como un dato incuestionable: non só porque ambos eran conselleiros rexios, senón tamén porque aparecen conxuntamente nos documentos da chancelaría afonsina durante o período 1265-1274; a miúdo, os seus nomes aparecen nos textos formando parte da lista de confirmantes ou de testemuñas, pero existen outros casos: nun texto chancelleiresco datado en 1265, autorízase a Fernan Fernandez Cogominho (I) a vender a herdade de Chacim a Nuno Martins de Chacim, e nel aparece Roi Garcia de Pavia como unha das testemuñas⁵⁵. Noutro interesante documento chancelleiresco de decembro de 1273⁵⁶, Fernan Fernandez Cogominho e Roi Garcia de Pavia aparecen entre os correctores nomeados para reparar os agravios feitos ao clero, e xunto a eles están destacados persoeiros da época (por exemplo, Afonso Lopez de Baian e o seu irmán Diago Lopez, Men Rodriguez de Briteiros e Joan Soarez Coelho, entre outros membros da corte). Ademais, coñécese outro texto de 1265, onde figura Fernan Fernandez Cogominho (I) (á beira doutros cortesáns, como Joan Perez de Aboin, e varios familiares de Roi Garcia de Pavia)⁵⁷, como fiador dunha quinta e dez casais no acordo de arras de Berengaria Aires, muller de Roi Garcia de Pavia, nun acto que tivo lugar na capela real dos pazos de Lisboa⁵⁸.

Fernan Fernandez Cogominho (I) casou con dona Joana Diaz, senhora de Atouguia, e tiveron once fillos. Entre os seus descendentes, destacaremos ao seu primoxénito e homónimo, xa anteriormente referido, Fernan Fernandez Cogominho (II). Deste último os datos que temos son certamente moi escasos: o seu nome rexístrase nun documento das *Inquirições* de 1288, e sabemos do seu falecemento na batalla de Chinchilla, en Albacete, acontecida en 1290. Este dato vincularíao á corte de Castela na época de Sancho IV⁵⁹, e esta hipótese cobra maior peso ao se localizaren nese medio algúns membros da familia Portocarreiro, que estaba emparentada coa dos

⁵⁵ Neste mesmo documento rexístranse os nomes dos trobadores e cortesáns Gonçalo Garcia, Joan Perez de Aboin, Alfonso Lopez de Baian e Joan Soarez Coelho. *Vid.* A. Resende de Oliveira / L. Ventura (eds.), *Chancelaria... cit.*, vol. 1, pp. 396-399 [doc. 342].

⁵⁶ *Vid.* A. Resende de Oliveira / L. Ventura (eds.), *Chancelaria... cit.*, vol. 2, pp. 170-171 [doc. 590].

⁵⁷ Entre as testemuñas presentes estiveron Joan Lopes de Ulhoa (pois entre os fiadores nomeados estaba o pai e o tío de Sancha Lourenço de Taveira, que era a muller de Joan Lopes de Ulhoa), Joan Soarez Coelho e o seu fillo Pero Anes Coelho. *Vid.* J. A. de Sotto Mayor Pizarro, *Linhagens Medievais... cit.*, vol. 1, pp. 436, 478.

⁵⁸ O documento foi comentado e editado por J. A. Souto Cabo, «*In capella domini regis, in Ulixbona e outras nótilas trovadorescas*», *Actas del XIV Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval, Murcia, 6-10 de septiembre de 2011*, pp. 777-784 (no prelo).

⁵⁹ A pesar das adversidades que caracterizaron o reinado de Sancho IV, a súa corte acolleu un nutrido grupo de poetas destacables, como Airas Nunez, Airas Paez, Caldeiron, Estevan Perez Froian, Gil Perez Conde, Gomez Garcia, Joan Vasquiz de Talaveira, Men Rodriguez de Briteiros, Mem Rodriguez Tenoiro, Pai Gomez Charinho, Per'Eanes Marinho e Rodrigu'Eanes Redondo. *Vid.* V. Beltrán, *La Corte de Babel: lenguas, poética y política en la España del siglo XIII*, Madrid, Gredos, 2005, p. 311.

Cogominho. Ademais, o feito de que non se coñeza documentación que asocie a Fernan Fernandez Cogominho (II) coa corte de Afonso III, onde o proxenitor estaba ben integrado, podería interpretarse como unha falta de contacto por parte deste Cogominho (II) co círculo cortesán portugués.

En síntese, vemos que na composición *B1560* se reproduce unha serie de nomes remitentes á corte portuguesa afonsina, que nos permiten concluír que a mención *Cogominho* é relacionable a don Fernan Fernandez Cogominho (I), en tanto que este nobre estivo plenamente integrado na corte portuguesa de Afonso III, desenvolvendo diversos cargos de importancia e documentándose en numerosos textos chancelarescos. Non podemos obviar que existen textos que poñen de manifesto o contacto que mantivo con importantes trobadores e outros cortesáns desa corte, entre os que se conta o escarnecido Roi Garcia de Pavia. Ademais, da inclusión do seu sobrenome na sátira *B1560* despréndese unha relación entre este Cogominho (I) e o trobador de Besteiros, un contacto que non necesariamente tivo que partir ou limitarse á época do reinado de Afonso III⁶⁰.

Indo máis alá, a referencia a *Cogominho* consititúe un dato importante para os estudos trobadorescos, porque axuda a esclarecer a identidade do trobador chamado *don Fernan Fernandez Cogominho* nos cancioneiros *B* e *V*. Así, a documentación e as conxecturas que levan a vincular a Fernan Fernandez Cogominho (I) e Fernan Fernandez Cogominho (II) coas cortes portuguesa e castelá, respectivamente, poden considerarse insuficientes para determinar se un ou outro foi o autor das once cantigas transmitidas nos apógrafos quíñentistas; porén, a sátira que Afonso Mendez de Besteiros dirixe a Roi Garcia de Pavia é un pequeno indicio literario de cal dos dous podería ser o autor. Desta maneira, o *dilectus et fidelis vasalus*⁶¹ de Afonso III non só se documenta perfectamente asentado no medio cortesán portugués e en contacto co círculo trobadoresco alí localizado, senón que ademais, mediante a súa composición, Afonso Mendez de Besteiros fai que Fernan Fernandez Cogominho (I) sexa partícipe e cómplice da “rexouba” satírica dedicada a Roi Garcia grazas á expresión «per como diz Cogominho»⁶².

Finalmente, *O arraiz de Roi Garcia* é unha cantiga que ten unha notable importancia e interese porque, ademais de permitírnos establecer vínculos entre o autor da composición, o cabaleiro Afonso

⁶⁰ O primeiro contacto non ten por que datar desta época. Se o cabaleiro Afonso Mendes de Besteiros servía a don Gil Martins de Riba de Vizela, pódese pensar que este trobador e Fernan Fernandez Cogominho (I) tivesen entrado en contacto durante os anos da guerra ou no período de exilio en Castela (*vid. supra* nota 54).

⁶¹ Como ven designado nun documento de 12 de febreiro de 1257. *Vid.* A. Resende de Oliveira / L. Ventura (eds.), *Chancelaria... cit.*, vol. 1, pp. 117-118 [doc. 107].

⁶² Tirando do fio das hipóteses, preguntámonos se «per como diz Cogominho» será alusión a algunha composición satírica de Fernan Fernandez Cogominho, cousa que, de ser certa, correspondería á produción perdida deste autor.

so Mendez de Besteiros, e a corte de Afonso III, permite relacionar máis estreitamente a Fernan Fernandez Cogominho (I) co universo trobadoresco. Desta maneira, a cantiga B1560 engádese ás informacións documentais e ao indicio literario achegado pola cantiga [V] *eeronm'ora preguntar* (B366^{bis})⁶³, en apoio da hipótese de que don Fernan Fernandez Cogominho (I) foi o autor das *cantigas de amor* e de *amigo* que figuran baixo o seu nome en B e V.

Recibido: 30/07/2011

Aceptado: 15/09/2011



RESUMEN: En la sátira *O arraiz de Roi Garcia*, de la autoría del trovador portugués Afonso Mendez de Besteiros, se presentan una serie de topónimos y antropónimos que remiten a la corte portuguesa de Afonso III, permitiendo hipotetizar la vinculación de su autor a esta corte. Además, el texto resulta interesante para los estudios trovadorescos porque incluye una mención a un *Cogominho*, identificable con Fernan Fernandez Cogominho, vasallo de Afonso III, y probablemente miembro activo del movimiento trovadoresco que se acogía y propiciaba en esta corte.

ABSTRACT: The satire *O Arraiz Roi Garcia*, by the Portuguese troubadour Afonso Mendez de Besteiros, includes several place names and anthroponyms referring to the Portuguese Court of Afonso III, which suggests the hypothesis of a real link between the abovementioned author and this Court. Moreover, this text is also important as regards the troubadour studies since it mentions a *Cogominho*. This *Cogominho* is identified with Fernan Fernandez Cogominho, vassal of Afonso III and possibly an active member of the troubadour movement developed at this Portuguese Court.

PALABRAS CLAVE: Lírica gallego-portuguesa, Sátira, *O arraiz de Roi Garcia*, Afonso Mendez de Besteiros, Fernan Fernandez Cogominho.

KEYWORDS: Galician-Portuguese Lyric, Satire, *O arraiz de Roi Garcia*, Afonso Mendez de Besteiros, Fernan Fernandez Cogominho.

⁶³ Do estudo desta composición, xa nos ocupamos anteriormente noutros traballos: D. González, *Fernan Fernandez Cogominho... cit.*, pp. 50-54, 276-286; D. González, «Fernan Fernandez Cogominho e a *sobrinha* que lle *tolheu o sên* (B366bis)», in E. Corral, L. Fontoira, E. Moscoso, *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2009, pp. 195-204.